



SOLICITUDES

Os interesados poderán obter a solicitude a través da páxina web da Consellería do Medio Rural e do Mar:

http://www.medioruralemex.xunta.es/areas/investigacion_e_formacion/trasferencia_tecnologica/plan_e_actividades



ou na páxina web da EVEGA

<http://evega.xunta.gal/>

Actividades de transferencia tecnolóxica aprobadas para 2015 cofinanciadas polo FEADER

As solicitudes deberán remitirse á EVEGA por:

Fax: 988 488 191 | e-mail: evega.medio-rural@xunta.es

ORGANIZA

evega Estación de Viticultura
e Enoloxía de Galicia

COLABORAN



FEADER:
Europa inviste no rural



XUNTA
DE GALICIA

XORNADA ACREDITACIÓN DUN PANEL DE CATA DE VIÑOS

A norma UNE-EN-ISO/IEC 17025

7 de xullo de 2015

Edificio Multiusos | Salón de actos
Praza do Concello, nº 2
O Barco de Valdeorras (Ourense)

XUNTA DE GALICIA



PROGRAMA

09:00-09:30 Entrega da documentación

09:30-10:30 A avaliación dos catadores.
Requisitos para formar parte dun panel de cata de viños acreditado.
Os paneis de cata profesionais.

Antonio Tomás Palacios García | *Doutor en Microbioloxía pola ETSI. Enólogo.
Profesor asociado Universidade da Riox*

10:30-11:30 A problemática da acreditación nos consellos reguladores galegos.

Beatriz Soto González | *Directora técnica do CRDO Ribeira Sacra*
Jorge Luis Mazaira Pérez | *Director técnico do CRDO Valdeorras*

11:30-12:00 Pausa-café

12:00-13:00 Dificultades dos paneis de cata (segundo a norma UNE-EN-ISO/IEC 17025)
no contexto da acreditación dos consellos reguladores.

Rosa Sanjuán Martínez | *Técnica do Departamento de Análise Sensorial.
Empresa Consumolab*

13:00-14:00 Mesa redonda:
Dificultades para a acreditación dun panel de cata de viños.

Moderador: Alfonso Losada Quiroga

14:00 Clausura

OBXECTIVOS

Actualmente non se dispón dunhas definicións suficientemente precisas e concisas para os diferentes viños co distintivo de calidade, e menos aínda, de criterios e métodos para unha avaliación sensorial obxectiva e reproducible.

As finalidades desta xornada son:

- A harmonización de criterios. Os expertos non sempre coinciden nas súas opinións sobre os criterios empregados na puntuación dos parámetros recollidos na ficha de cata e decote esta queda en mans da experiencia. Búscase que para cada parámetro se empreguen os menos criterios posibles.
- Obxectivos da avaliación. Cada parámetro que se vai avaliar debe estar definido e dispoñer dunha referencia sensorial de cada prescriptor.
- Especificidade. Cada catador aprenderá a avaliar os viños segundo as consideracións que teñen os consellos reguladores para dar a súa garantía de orixe.
- Para levar a cabo todo isto, será primordial que os futuros compoñentes dun panel de cata coñezan a norma ISO 17025, na cal se obriga a un programa de selección e adestramento co gallo de asegurar que todos os expertos en análise sensorial teñen a debida formación para as tarefas encomendadas. Explicarase como utilizar as medidas obxectivas para a consecución da competencia dos expertos en análise sensorial (graos de calidade, criterios de puntuacións e metodoloxía de avaliación). Toda a xornada irá encamiñada a esclarecer as bases para a futura acreditación dos paneis de cata dos consellos reguladores de denominación de orixe dos viños galegos.

DESTINATARIOS

Catadores dos paneis de cata dos consellos reguladores de Galicia e persoal interesado en formar parte destes, expertos en análise sensorial e técnicos dos consellos reguladores.

Viticultores, adegueiros, enólogos, persoal investigador interesado no tema, estudantes. Público interesado en xeral.

INSCRICIÓN

Número de prazas: 100 | Data de inscrición: ata o día 5 de xullo de 2015